



## Navantia non debe retomar a actividade

Empezando porque os que saben disto opinan que é moi precipitado que os sectores non esenciais recuperen a actividade. O goberno decidiu recuperala por presións da patronal.

E falando de sectores **NON esenciais**, falemos de **Navantia**. Se reiniciamos a actividade, iso significa que diariamente entrarán a traballar milleiros de persoas ás que abastecer de epis (fundamentalmente máscaras e luvas).

Se xa nunha situación de normalidade moitos empresarios da industria auxiliar escatiman os epis, ¿que vai acontecer neste contexto? Témolos claro: a **presión** para reutilizalos máis aló do indicado, ou mesmo non utilizalos, vai ser enorme.

Esta presión xa se está a dar agora, con menos de 200 persoas, e na principal, non nas compañías.

Pero o máis importante é que as traballadoras de sectores esenciais, como o sanitario ou os supermercados, están a **denunciar** día si, día tamén que non teñen suficientes epis.

Sen ir máis lonxe, o 14 de abril a sección sindical da **CGT** do **CHUAC** (o hospital da Coruña) denunciou que as traballadoras

da cociña estaban totalmente **desprote-xidas** fronte á pandemia.

Neste contexto, **non é admisible** que Navantia consuma diariamente milleiros de epis para reparar ou fabricar buques.

Se Navantia pode adquirir as decenas ou centos de milleiros de máscaras, luvas, xeles desinfectantes, etc. necesarios para pensar en **reiniciar** a actividade, o mellor que pode facer neste momento é poñelos a disposición dos traballadores/as dos sectores que os necesitan de verdade.

Non facelo e reanudar a actividade en sectores NON esenciais, ademais de ser totalmente **insolidario**, vai provocar moitas mortes.

A **CGT** ímolo combater.



## Escurantismo informativo

O mércores 8 houbo unha reunión da empresa co **intercentros**, trala cal este emitiu un comunicado informativo que informaba pouco, pero criticaba moito as **filtracións**, pedía que non se fixese caso de "informacións interesadas" e anunciaba unha nova xuntanza para o mércores 15, "trala cal se emitirá o comunicado correspondente".

Onte houbo esa reunión. O que non houbo foi un comunicado do intercentros porque, como dixo un dos seus membros, "basicamente a situación segue igual".

Efectivamente, o **escurantismo** informativo segue igual.

## A conta da recuperación de horas

Unha das tarefas pendentes para cando esteemos de volta na factoría, será a de pedirlle **explicacións** ós nosos representantes no comité intercentros pola firma coa empresa dun **acordo** para a recuperación das horas correspondentes ós días que van do 30 de marzo ó 8 de abril.

Se nos está a **mentir** descaradamente con este tema porque, como xa avanzamos na Folla do 3 de abril, o artigo 3.2 do decreto 10/2020 o di ben claro: "O acordo que se alcance **poderá** regular a recuperación de todas ou de **parte** das horas de traballo".

É dicir, non é obrigatorio recuperar esas horas e moito menos que sexan os 8 días ó completo.

O único **obligatorio** foi que as empresas nos tiñan que dar o permiso retribuído.

Non deixa de abraiarnos a prontitude dalgúns sindicatos en seguila liña que **marca a empresa**. Para mostra, os dous correos enviados pola secretaría do comité o pasado 13 de marzo, nos que primeiro nos tranquilizaba sobre o 1º caso en Fene: "todo desinfectado, volta á normalidade" e 15 minutos máis tarde tiña que rebobinar despegando os carteis "informativos" e mandando outro correo, dándose de fociños coa realidade.

empresas LA INFORMACIÓN

La vuelta a la 'normalidad'

### Jornadas más largas, menos vacaciones... así se reactivarán las empresas públicas

El Gobierno aboga por que los trabajadores prolonguen su jornada diaria o semanal para recuperar las horas perdidas por el cerrojo de la economía.

BILUÑO PÉREZ  
Lunes, 13 Abril 2020, 04:30

Navantia de exemplo na prensa: Empresa "modelo", aceptando xornadas máis largas, menos vacaciones... Ese é o acordo firmado polo comité intercentros.

Navantia ha dado flexibilidad a sus trabajadores para elegir cómo recuperar las horas no traballadas.

## Novos ingresos

As comisións de Emprego dos comités de Fene e Ferrol manterán unha videoconferencia este venres a fin de analizar o estado da convocatoria das prazas de operarios e empregados *junior* do ano pasado, e tentar chegar a un acordo coa empresa para desbloquear a situación.

En calquera caso, a realización dos exames quedaría supeditada ás indicacións das autoridades sanitarias.

## Horas sindicais de marzo

Damos conta dos pases e horas sindicais utilizadas polos nosos delegados. A **CGT** decidiu que durante o **confinamento** os seus delegados non usarán horas sindicais e, agás os que están teletraballando, se finalmente os traballadores somos obrigados a **recuperar** as horas, farémolo **como tódolos** demais traballadores.

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente Ferrer	28,75			28,75
Xaquín Gª Sinde	27,75	Día 4. Emprego Ría + Empresa (11:45-14:24) Día 9. Emprego Ría + Empresa (10:45-12:15)	5,75	33,50
Arturo Llago	7,75	Día 5. Consulta INSS (12:30-13:45)	1,25	9,00
Javi Losada	21,75			21,75
Benito Segade	10,00	Día 11. Concentración CGT Xulgado Coruña (9:30-12:00)	2,50	12,50
Carmen Sixto	5,25	Día 11. Concentración CGT Xulgado Coruña (9:30-12:00)	2,50	7,75
<b>TOTAL</b>	<b>101,25</b>		<b>12,00</b>	<b>113,25</b>



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:  
cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas  
RRSS

